O vendedor de pararraios

Herman Melville

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.0
https://gatoblanco.chafalladas.com

Que grandioso trono irregular, pensei, de pé na pedra da cheminea entre montes acroceraunios, mentres os lóstregos esparexidos estouraban por riba e abatíanse entre os vales; cada lóstrego seguido de irradiacións zigzagueantes e súbitos refachos de choiva aguda, que petaban sonoramente, coma unha acometida de puntas de lanzas sobre o meu tellado baixo. Supoño, así e todo, que os montes de arredor rompen e mexen o trono de xeito que é máis glorioso aquí ca na chaira. Escoita!… chaman á porta. Quen será este que escolle unha toa para facer visitas? E por que non usa a armela, coma unha persoa normal, no canto de facer ese triste repenique de enterrador co puño contra a táboa oca? Veña, déixao entrar. Aí o ven. "Bo día, señor"; un completo estraño. "Sente, faga o favor". Que é ese bastón raro que leva?: "Unha boa toa, señor".

—Boa?… Terrible!

—Está mollado. Veña pórse aquí na cheminea, diante do lume.

—Non vou!

O descoñecido ficou de pé exactamente no medio da casa, onde se chantara ó chegar. O seu aspecto peculiar impelía a un escritinio máis atento. Unha figura fraca e tétrica. O pelo escuro e liso, compacto e partido sobre a cella. Os seu ollos afundidos coma foxas estaban rodeados por halos de cor índigo, e bulían cunha especie de raio inocuo: o lampexo sen o alustro. Estaba pingando. Ficaba parado nunha pucharca no chan de carballo nu: o seu caxato estraño apoiado verticalmente ó seu carón.

Era unha barra de cobre puído, de algo máis dun metro, que, inserida en dúas bolas de cristal verde e suxieta con bandas de cobre, se unía ó longo a un pau de madeira liso. A barra de metal remataba na parte de

arriba, de forma de trípode, en tres pugas afiadas de dourado relucente. Asía aquilo só pola parte da madeira.

—Señor —dixen, facendo unha cortés reverencia— hónrame coa súa visita ese ilustre deus, Xúpiter Toante? Así se mostra nas vellas estatuas gregas, co lóstrego na man. Se é el, ou o seu vicerrei, teño que agradecerlle esta nobre tormenta que aviou entre os nosos montes. Escoite: Ese foi un repenique glorioso. Ah, para un amante do maxestoso, é bo te-lo propio Tronador na casa. O trono vólvese máis refinado por ese motivo. Pero sente, faga o favor. Ben sei que esta cadeira de brazos vella, de asento de bimbio, é un pobre substituto do seu trono sempre vizoso do Olimpo; pero, dígnese a se sentar.

Mentres falaba así de amablemente, o estraño observábame, medio con estrañeza, medio como con medo; mais non moveu un pé.

—Prégolle que se sente, señor; cómprelle secarse antes de volver sair.

Coloquei a cadeira tentadoramente á beira da cheminea, onde mandara acender un pequeno lume ó mediodía para disipa-la humidade, non o frío; xa que aínda comezara setembro.

Pero, sen facer caso da miña petición, e aínda de pé no medio do chan, o estraño fitoume gravemente e falou.

—Señor —dixo—, perdoe; pero no canto de acepta-la súa invitación a sentarme aí cabo da cheminea, advírtolle eu a vostede seriamente de que faría mellor en acepta-la miña, e vir xunto a min ó medio do cuarto. Mi madriña! —exclamou, sobresaltado— outro deses estrondos horribles. Advírtollo, señor, arrédese da cheminea.

—Señor Xúpiter Toante —dixen eu, refregando tranquilamente o meu corpo contra a pedra— Estou moi ben aquí.

—Seica é tan sumamente ignorante —exclamou—, que non sabe que a parte da casa máis perigosa, con moito, durante unha tormenta coma

esta é a lareira?

—Pois non, non o sabía —e baixei sen decatarme á táboa máis achegada á pedra.

O estraño puxo entón unha expresión tan desgradable de admonición triunfal que, case sen decatarme de novo, recuei á cheminea e chanteime o máis dereito e fachendoso que puiden. Pero non dixen ren.

—Por Deus! —exclamou, cunha mestura estraña de alarma e intimidación—. Por Deus, baixe da cheminea! Non sabe que o aire quente e a cinza son conductores? E xa non digo nada deses trasfogueiros de ferro enormes. Arrede de aí... prégollo... dígolle que veña!

—Señor Xúpiter Toante, non estou afeito a que me manden na miña casa.

—Non me chame ese nome pagán. Compórtase coma un impío neste intre arrepieante.

—Señor, tería a amabilidade de me dicir qué é o que quere? Se quere protexerse da treboada, é benvido, sempre que se comporte con educación; mais se ven facer negocio, fale dunha vez. Quen é?

—Vendo pararraios —dixo o estraño, nun ton máis velaíño— a miña especialidade é... Mi madriña! Que estrondo! Caeulle algunha vez un raio... na súa casa, quero dicir? Non? É mellor estar preparado —e troupeleou co seu bastón no chan á mantenta—. De xeito natural, non existen fortalezas contra as toas; pero, pídamo, e farei un Xibraltar meneando un pouco esta variña máxica. Oíu que abalóns como para sacudi-lo Himalalia!

—Interrompeuse; ía vostede falar da súa especialidade.

—A miña especialidade é ir polo país a vender pararraios de encarga. Este é o meu pararraio de mostra —e petou co bastón no chan—; teño as mellores referencias —remexeu nos petos—. En Criggan o mes pasado, puxen vinte e tres pararraios en só cinco edificios.

—A ver. Non foi en Criggan a semana pasada, o sábado sobre a medianoite, onde lles caeu un raio ó campanil, ó umeiro grande, e á cúpula da sala de xuntas? Puxera pararraios neses sitios?

—Nin na árbore nin na cúpula; no campanil sí.

—De que serve o seu pararraios, entón?

—É cuestión de vida ou morte. Pero o meu obreiro foi neglixente. Ó poñe-lo pararraios no alto do campanil, deixou que parte do metal rozase a chapa de lata. Xa que logo o accidente. Non foi a miña culpa, senón súa. Escoite!

—Deixe. O trono estourou o bastante forte como para oílo sen que mo teña que sinalar. Oíu o que aconteceu en Montreal o ano pasado? A unha criada caeulle un raio cando estaba axeonllada xunto ó leito co rosario na man; as doas eran de metal. A súa área de traballo abrangue Canadá?

—Non. E seica alí só empregan pararraios de ferro. Deberían usa-los meus, que son de cobre. O ferro fúndese facilmente. Ademáis, fanos tan finos que non teñen grosor abondo para conducir tóda-la corrente eléctrica. O metal derrétese e destrúe o edificio. Iso nunca acontece cos meus pararraios de cobre. Os canadenses son parvos. Algúns conectan o pararraios polo cabo de arriba, o cal pode provocar unha explosión mortal, no canto de leva-la corrente á terra impercetiblemente, como fan os meus pararraios. O meu é o único pararraios auténtico. Míreo. Só un dolar os trinta centímetros.

—Aldaxar así os compañeiros de profesión en público pode provocar desconfianza.

—Escoite! O trono tornouse menos borboriñante. Achégasenos, e achégase á terra, asemade. Atenda! Un estalo apiñado! As vibracións vólvense unha pola proximidade. Outro relampo. Agarde!

—Que fai? —pregunteille, ó velo entón abandona-lo caxato con présa, inclinarse cara a fiestra atentamente, co furabolos e o grande da man dereita no pulso esquerdo. Pero, antes de que escaparan de todo estas palabras da miña boca, unha exclamación escapou da súa.

—Pum! Só tres estouros —a menos de medio quilómetro— aló, nalgunha parte do bosque. Aló encontrei de camiño tres carballos fulminados, arrincados había pouco e candentes. Os carballos atraen o raio máis ca calquera outra madeira, porque teñen ferro disolto no zume. O seu piso semella carballo.

—Cerna de carballo. Polo momento en que me visita, deduzo que escolle as toas para as súas viaxes. Considera que cando ruxe o trono é o momento particularmete favorable para producir impresión favorables ó seu negocio.

—Escoite!... Terrible!

—Para ser alguén que lle mete medo á xente semella vostede máis medoñento do que lle cómpre. A xente normal escolle o bo tempo para viaxar; vostede escolle tronadas, e porén...

—Admito que viaxo nas toas, pero non sen tomar precaucións especiais que só un vendedor de pararraios coñece. Escoite!... Mire o meu pararraios de mostra. Só un dolar os trinta centímetros.

—Parece un bo pararraios. Pero, cales son esas precaucións de vostede? Mais agarde que peche aquelas contras; a choiva ven tan forte e deitada que atravesa o bastidor. Vouna atrancar.

—Está tolo? Acaso non sabe que ese ferrollo é un excelente conductor? Déixeo estar.

—Entón, só cerrarei as contras e chamarei ó rapaz para que me traia unha tabasa. Por favor, tire do arame da campaíña que hai aí.

—Vostede toleou de todo! O arame da campaíña pode electrocutalo. Nunca turre do arame dunha campá nunha tronada, nin toque ningún tipo de campá.

—As dos campanís tampouco? Sería tan amable de dicirme onde e como pode un estar seguro nun tempo coma este? Hai algunha parte da casa que poda tocar sen arrisca-la miña vida?

—Haina, pero non onde vostede está. Sepárese da parede. A corrente baixa ás veces polas paredes e, como o home é mellor conductor cá parede, deixaría a parede e entraríalle a el. Alá vai! Ese debeu caer moi preto. Penso que foi un raio globular.

—Seica. Dígame axiña cal é, según vostede, a parte máis segura da casa.

—Este cuarto, e o sitio onde estou eu. Achéguese.

—Dígame a razón primeiro.

—Oíu!... tralo alustro a sacudida; tremen os bastidores; a casa, a casa!... Achéguese a min!

—A razón, por favor.

—Veña xunto de min!

—Grazas de novo, coido que probarei o sitio de antes: a lareira. E agora, señor dos pararraios, entre trono e trono, sexa tan amable de me dici-las

razóns polas que considera esta habitación a máis segura da casa, e o sitio onde está vostede o máis seguro dela.

A tormenta amainou un pouco por un tempo. O home dos pararraios pareceu calmarse e respondeu:

—A súa casa só ten un andar, cun faiado e un soto; este cuarto está no medio. Velaí o motivo de que sexa máis seguro comparado cos outros. Porque o raio pasa ás veces das nubes á terra, e ás veces da terra ás nubes, entende?, e eu escollín o medio do cuarto, porque se o raio caese na casa, baixaría pola lareira ou as paredes; así que, obviamente, canto máis lonxe estea un deles, mellor. Veña, achéguese.

—Axiña. Algo do que dixo, estrañamente, no canto de preocuparme, inspiroume confianza.

—Que dixen?

—Dixo que ás veces os raios corren da terra ás nubes.

—É certo, o raio chan-nube, que lle chaman; cando a terra está sobrecargada de electricidade, manda para arriba o exceso.

—O raio chan-nube; é dicir, da terra ó ceo. Bárbaro! Pero veña xunto da cheminea e séquese.

—Estou mellor aquí, e mellor mollado.

—E logo?

—O máis seguro que se pode facer... Escoite, outra vez!... nunha tormenta é poñerse pingando. A roupa mollada é mellor conductora có corpo; así é que, se lle cae un raio, ó mellor baixa pola roupa húmida sen toca-lo corpo. A tormenta empeora de novo. Ten unha alfombra na casa? As alfombras non son conductoras. Consiga unha para poñerme

sobre ela, e vostede tamén. O ceo escureceu... parece o luscofusco ó mediodía. Coidado!... a alfombra, a alfombra!

Deille unha, mentres os montes encapotados semellaban acurrala-la casa e derrubarse sobre ela.

—E agora, como estar calados non serve de nada —dixen mentres volvía ó meu lugar— cónteme as precaucións que toma cando sae durante unha toa.

—Agarde a que pase este.

—Non, siga a contar. Atópase no sitio máis seguro, según vostede. Continúe.

—De acordo, resumindo. Evito os piñeiros, a casa altas, os celeiros illados, os pastos nos outeiros, as correntes de auga, as mandas de vacas e ovellas, os fatos de homes. Se vou a pé, coma hoxe, vou paseniño; se vou na miña carruaxe, non toco o respaldo nin os lados; se vou a cabalo, desmonto e levo o cabalo pola renda. Pero, do que máis me arredo, é dos homes altos.

—Estou soñando? O home evita ó home? E, por riba, en momentos de perigo.

—Evito os homes altos nas toadas, de certo. É vostede tan sumamente ignorante que non sabe que unha altura de un metro oitenta é abondo para descargar toda unha nube eléctrica? Non fulmina logo o raio os solitarios labregos de Kentucky no suco inacabado? Non, se un home de un metro oitenta se detén xunto a un regato, a nube o prefirirá ás veces a el como condutor, en vez de á corrente. Escoite! Seguro que fendeu aquel curuto mouro. O home élle un bo conductor. O raio percorre completamente a un home, máis só deluva unha árbore. Pero señor, tívome tanto tempo respondendo as súas preguntas, que aínda non lle falei de negocios. El encargará un dos meus pararraios? Olle para este de mostra. Mire: está feito do mellor cobre. O cobre é o mellor conductor.

A súa casa é baixa; pero, como está nas montañas, ser baixa non a deprime en absoluto. Vostedes, os montañeses, son os que máis expostos están. Nos países montañosos debería ser onde o vendedor de pararraios vendese máis. Mire o modelo de mostra, señor. Un pararraios abonda para una casa tan pequena coma esta. Fágame caso. Só un pararraios; o prezo, só vinte dólares. Mi madriña! Velaí estouraron tódolas tacónicas e hoosacs esnaquizadas en peroulos. Polo son, semella que bateu en algo. Cunha elevación de metro e medio sobre a casa, o pararraios protexerá un radio de seis metros arredor. Só vinte dólares, señor... un dolar os trinta centímetro. Oíu! Arrepiante! Quere un? Vaino mercar, logo? El apunto o seu nome? Mire que pode quedar feito unha morea de miúdos chamuscado, coma un cabalo atado queimado na corte; e nun intre nada máis!

—Vostede, finxido enviado extraordinario e ministro plenipotenciario entre Xúpiter toante e nós —rin—, mero home que ven aquí a interpoñerse co seu fungueiro entre a terra e o ceo, pensa que, porque lle pode ripar un chisco de luz verde á botella de Leiden, pode evitar completamente o riao celestial? Se a súa vara se enferruxa, ou parte, que será de vostede? Quen lle autorizou a vostede, Tetzel, a vender polo mundo as súas indulxencias por mandato divino? Os pelos da nosa cabeza están contados, e os días da nosa vida. Tanto na toa coma na raxeira, póñome tranquilo nas mans de Deus. Falso árbitro, lisque! Ve, a tormenta enroscouse no seu carrete coma un rolo; a casa está intacta; e no ceo azul adiviño o contrasol, porque a deidade non fai a guerra, á mantenta, á terra do home.

—Coitado impío! —ladrou o estraño mentres lle escurecía a face a saída do arco da vella— hei denuncia-las súa ideas infieis.

O seu cello negrexou na súa face; as olleiras de cor anil medraron arredor dos seus ollos coma a coroa arredor da lúa da medianoite. Botouse a min apuntando co tridente o meu corazón.

Agarreino; rompino; chimpeino; tripeino; e arrastrando o sinistro rei do raio fóra, guindei o seu cetro zigzagueante de cobre tras el.

Mais malia o meu trato, malia as miñas conversas disuasorias cos veciños, o vendedor de pararraios aínda anda por estes lugares; aínda viaxa nas toas, e fai un espléndido negocio co medo da xente.